

Texto: **JUAN IGNACIO PÉREZ PALOMARES**

Ilustracións: **JOSEP RODÉS JORDÁ**

Tradución: **SILVIA PÉREZ**

Encadernado en cartón


44 páxinas a toda cor. 21x25 cm.

Dispoñible en:

-Galego: "Batalla de naipes"
MareMar. ISBN 978-84-8464-524-5

-Castelán: "Batalla de naipes"
Libros para Soñar. ISBN 978-84-933759-2-8

Prezo: 15 €



BATALLA DE NAIPES

O rei Cachobruito II vivía en permanente disputa co seu veciño, o rei Afiado I o Cruel. Pasaron longos anos pelexando en encarnizadas loitas que foron minando pouco a pouco a riqueza de ámbolos reinos. Malia o gran odio que se profesaban os dous, o fillo de Cachobruito, o Cabaleiro da Alta Plumaxe, e a filla de don Afiado, dona Sota da Espada, estaban profundamente namorados. A súa relación perdurou no tempo, demostrando que o amor era máis forte que a guerra.

A través dos personaxes da baralla, Juan Ignacio Pérez Palomares recrea unha aventura histórica, chea de humor e de amor, con múltiples chiscadelas e segundas lecturas que nos poñen de manifesto o absurdo das guerras. "Batalla de naipes" é un reflexo dos continuos conflitos nos que se enzarzan os humanos. Cada un dos ríos de tinta verquidos a raíz das operacións bélicas desatadas no mundo inspirou a Juan Ignacio Pérez Palomares este conto, aberto a diversas lecturas tanto para adultos como para o público infantil.

Trátase dun relato que evoca calquera das ofensivas existentes aínda a estas alturas do século XXI, pero que se acaba convertindo nunha historia de amor; un amor non casual, senón que xurde da necesidade do propio ser humano de comunicarse, de expresar a rebeldía ante a inxustiza e establecer un claro compromiso de converter a destrución na materia prima da que poida nacer un mundo novo e mellor.

Os namorados deste conto comencan a fraguar os seus sentimentos ás agachadas e acaban pregonándoos aos catro ventos; convértense nos heroes da súa propia historia e transmiten unha impagable moralexa: que o odio, como a guerra, sempre (sempre) debilita aos bandos implicados nunha contenda. O uso de naipes -obxectos tan cotiás- como soporte gráfico, convirten este álbum nun pequeno xogo que todos os lectores poden comprender e practicar.

JUAN I. PÉREZ PALOMARES (Algeciras, 1964)

Diplomado en Maxisterio. Especialista en Educación Infantil, Primaria, Lingua Castelá e Francesa. Máster en Promoción da Lectura pola Universidade de Castela-A Mancha e especializado en Literatura

Infantil. Exerce como mestre de Educación Infantil do CEIP San García, de Alxeciras (Cádiz). É presidente de LitOral, Asociación Andaluza para a Difusión da Literatura Oral, e impartiu cursos e obradoiros sobre animación á lectura e o valor da narración oral en eidos como o fogar, a escola ou as bibliotecas. El mesmo se define como "contador, contista, contero ou contacontos".

Creador de proxectos de narración para o público adulto (Grupo Viejos Cuentos) e infantil (Grupo Simalabim), baseados nos seus traballos de investigación sobre os contos populares de tradición oral en Andalucía. Dedicou os últimos 20 anos a recoller e gardar na súa maleta as historias que traen os ventos, para empaparse delas e difundilas a xentes de lugares máis lonxanos. No seu labor como recompilador da tradición oral conta cuns 10.000 textos grabados; varios deles púxoos por escrito en tres libros titulados: "Debajo del puente", "Cien cuentos populares andaluces", "Leyendas y cuentos de encantamiento recogidos junto al Estrecho de Gibraltar". Desta última naceu o seu primeiro libro infantil, "El gigante Botafuegos".

JOSEP RODÉS JORDÁ (Barcelona, 1972)

Formouse en Estudos da Ilustración na Escola Llotja de Barcelona. Dende entón traballou para varias editoriais, como Kalandraka, La Galera, Enciclopèdia Catalana, Text, La Campana ou Ellago, ademais de colaborar nalgunha publicación local. Formou parte do colectivo Linventari e da revista de ilustración Garabattage (doble dosis ed.). Entre as súas obras destacan "O pescador e a súa muller" (Kalandraka, 2002) e "Pequena bruxa" (Kalandraka, 2002).